

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

ORDE do 14 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria 2022 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS508D).

A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, ten por obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de voluntariado organizadas por entidades ou directamente pola Administración autonómica, para o desenvolvemento de programas concretos.

O artigo 21 da citada norma establece, dentro das competencias das administracións públicas de Galicia, a de fomentar e promover a participación social da cidadanía no desenvolvemento da acción voluntaria a través de entidades de acción voluntaria debidamente rexistradas ou, de ser o caso, no marco da acción programada para os fins desta lei polas administracións públicas de Galicia.

O dito artigo determina que, dentro das facultades que lle corresponden á Administración, se encontra a de sensibilizar a sociedade con respecto aos valores da acción voluntaria e ao seu recoñecemento público.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado é un dos órganos de dirección en que se estrutura a Consellería de Política Social e Xuventude.

O Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, establece que lle corresponden á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

Consonte o anterior, e como recoñecemento público do labor daquelas persoas físicas ou xurídicas que participen ou desenvolvan accións de voluntariado na Comunidade Autónoma de Galicia e que sirvan de estímulo para a promoción e o fomento da dita actividade

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxezhgx3



no noso territorio, promóvense os Premios Galicia de Acción Voluntaria desde esta Administración pública para este ano.

Na súa virtude, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto a regulación do procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria coa finalidade de recoñecer publicamente o labor daquelas persoas físicas e xurídicas que, de xeito cotián, desenvolvan programas, accións ou proxectos de voluntariado na Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2022.

2. Cos Premios Galicia de Acción Voluntaria preténdese recoñecer o exercicio da acción voluntaria a nivel individual e colectivo e os beneficios que esta achega ao conxunto da sociedade.

3. O código de procedemento administrativo é BS508D.

Artigo 2. *Procedemento e modalidades*

1. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, nos termos previstos no artigo 20 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación a dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os Premios Galicia de Acción Voluntaria que se convocan terán as seguintes modalidades:

a) Premio voluntaria/o do ano: modalidade individual, para as persoas físicas.

b) Premio entidade de acción voluntaria do ano: modalidade colectiva, para as entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxezhgx3



c) Premio mellor proxecto de acción voluntaria do ano: modalidade para proxectos elaborados por entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, presentados por unha entidade de xeito individual ou por varias entidades de xeito conxunto, que se caractericen pola innovación e a repercusión social.

Artigo 3. *Premios*

Outorgarase un premio en cada unha das modalidades establecidas no artigo 2, cuxa dotación económica será de 4.000 euros por modalidade.

Artigo 4. *Orzamento*

Para o financiamento destes premios destinarase un crédito de 4.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.480.0, para os premios das persoas físicas na modalidade individual, e un crédito de 8.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.481.0 para entidades de acción voluntaria da modalidade colectiva e de proxectos, consignadas na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Artigo 5. *Persoas destinatarias*

1. Serán persoas destinatarias dos Premios Galicia de Acción Voluntaria, na modalidade individual ao premio persoa voluntaria do ano, aquelas persoas físicas voluntarias que desenvolvan a súa actividade e colaboren con entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria, públicas ou privadas, que se distinguisen polo seu sobresaínte labor na promoción e xestión do voluntariado social na nosa comunidade autónoma.

2. Serán persoas destinatarias dos Premios Galicia de Acción Voluntaria, na modalidade colectiva ao premio entidade de acción voluntaria do ano, as entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia que, de xeito continuado e eficaz, desenvolvan actividades e/ou programas sociais ou de interese xeral que impliquen un compromiso social e comunitario a través de proxectos consolidados e normalizados no tempo e nos cales a acción voluntaria e as persoas voluntarias asuman un especial protagonismo.

3. Serán persoas destinatarias dos Premios Galicia de Acción Voluntaria, na modalidade de mellor proxecto de acción voluntaria do ano, aqueles proxectos elaborados por entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, presentados por unha entidade de xeito individual ou por varias entidades de xeito conxunto, vinculados



a áreas de especial interese e que supoñan unha innovación social para a nosa comunidade autónoma.

4. As persoas destinatarias, tanto físicas como xurídicas, deberán contar cunha traxectoria relevante na modalidade de premio a que concorra. Para estes efectos, os méritos que motivan a solicitude deben estar referidos a circunstancias acreditadas con carácter previo á data de publicación da convocatoria.

5. Só se permitirá unha solicitude por cada modalidade e entidade, de tal xeito que unha mesma entidade non se pode presentar á modalidade colectiva e á de proxectos (artigo 2.2.b) e artigo 2.2.c).

6. Todos os requisitos exixidos ás persoas físicas e xurídicas solicitantes se entenderán cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 6. *Compatibilidade dos premios*

A obtención do premio é compatible con outros outorgados coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados, consonte o establecido no artigo 17 da Lei 9/2007.

Artigo 7. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. Poderán presentar solicitudes para a concesión dos premios as persoas físicas ou xurídicas comprendidas no artigo 5.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I, procedemento BS508D) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas que participen nas modalidades recollidas no artigo 2.2.b) e 2.2.c) desta orde.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgzehgx3



Para a presentación electrónica de solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuaria/o clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

4. Para poderen optar aos Premios Galicia de Acción Voluntaria, as persoas solicitantes deberán acreditar documentalmente, na forma prevista no artigo seguinte, que reúnen as calidades que xustifiquen que poden optar ao premio na modalidade de que se trate.

5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas solicitantes deberán achegar co impreso de solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Memoria individualizada descritiva do proxecto ou traxectoria que se presenta para optar ao premio, na modalidade de que se trate, que poña de manifesto os seus aspectos máis relevantes e valiosos e que conteña expresa mención dos méritos en que se fundamenta a solicitude (anexo II).

b) Documentación oficial acreditativa dos méritos que alega, emitida por organismo público ou privado, tal como diplomas, certificados ou outros documentos.

c) Relación temporal de actividades realizadas e interese social do seu contido.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxezhgx3



d) Outra documentación que a persoa solicitante considere relevante, tal como apoios á candidatura, tanto de persoas físicas como xurídicas.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo solicitante, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 9. *Emenda das solicitudes*

Se na solicitude se aprecian defectos ou falta de documentación, o órgano instrutor requirirá a entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 21 da referida lei.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizaren trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén se poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxcgxezhgx3



Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa solicitante se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- e) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- f) Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas solicitantes se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas solicitantes que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

O órgano instrutor do procedemento será o órgano competente en materia de voluntariado e participación da dirección xeral competente en materia de voluntariado. Unha vez completos os expedientes, remitiraos ao xurado previsto no artigo seguinte para a súa valoración. Unha vez emitido por este o informe previsto no artigo 14, elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver o procedemento.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxcgxezhgx3



Artigo 13. Xurado de Premios Galicia Acción Voluntaria

1. Para o exame e a valoración dos expedientes constituirase un xurado cuxos membros serán designados pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado, que será quen desempeñe a súa presidencia.

O Xurado estará formado por un máximo de once (11) membros que serán designados entre persoas destacadas no ámbito institucional e social pola súa relevancia profesional e persoal en cada unha das modalidades e premios, por proposta do órgano competente en materia de voluntariado e participación da dirección xeral competente en materia de voluntariado.

2. O Xurado, como órgano colexiado, rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Na composición do Xurado procurarase acadar a presenza equilibrada de mulleres e homes.

4. A persoa secretaria do Xurado, con voz pero sen voto, será unha persoa funcionaria da citada dirección xeral, nomeada por resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado.

5. No caso de ausencia de calquera das persoas que compoñen o Xurado, ou da persoa secretaria deste, será substituída por outra persoa nomeada, así mesmo, pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado conforme os mesmos criterios de elección recollidos nos números 1 e 4.

Artigo 14. Valoración das solicitudes admitidas

1. Coa finalidade de elaborar a proposta de concesión, o Xurado examinará e valorará as solicitudes presentadas para as distintas modalidades en función dos seguintes criterios específicos por modalidade, que se deduzan da memoria presentada e dos méritos acreditados polo solicitante, sen prexuízo da consulta dos datos que figuran no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia:

a) En relación cos premios na modalidade individual para as persoas voluntarias, teranse en conta:

1º. Actividades de voluntariado consolidadas no tempo nos diferentes ámbitos de actuación social establecidos na Lei de acción voluntaria de Galicia, en que de xeito transversal



se recoñezan a diversidade social, a igualdade de oportunidades ou a integración social e que supoñan unha certa incidencia en áreas sensibles como o medio rural ou en materia de demografía, tendo en conta a súa traxectoria e calidade, a súa consolidación no tempo e a repercusión social que a súa realización implica (ata un máximo de 20 puntos).

2º. Compromiso e implicación en diferentes eidos sociais (ata un máximo de 20 puntos).

3º. Responsabilidade en función das accións realizadas, no exercicio da acción voluntaria (ata un máximo de 20 puntos).

4º. Tempo de permanencia e/ou continuidade na actividade voluntaria ou promocional da persoa voluntaria (ata un máximo de 20 puntos).

5º. Actividades vinculadas a proxectos interxeracionais (ata un máximo de 20 puntos).

b) En relación cos premios na modalidade colectiva destinados ás entidades de acción voluntaria, teranse en conta:

1º. Implantación social da entidade e realización de actividades de interese xeral de voluntariado consolidadas no tempo nos diferentes ámbitos de actuación establecidos na Lei de acción voluntaria de Galicia, en que de xeito transversal se recoñezan a diversidade social, a igualdade de oportunidades ou a integración social, e que supoñan unha certa incidencia en áreas sensibles como o medio rural ou en materia de demografía, tendo en conta a súa traxectoria e calidade, a súa consolidación no tempo e a repercusión social que a súa realización implica (ata un máximo de 20 puntos).

2º. Promoción de habilidades para mellorar a empregabilidade das persoas voluntarias (ata un máximo de 20 puntos).

3º. Implicación na captación de persoas voluntarias e difusión da importancia da acción voluntaria na sociedade, tanto no ámbito xuvenil como sénior (ata un máximo de 20 puntos).

4º. Creación e mantemento dunha rede de persoas voluntarias constante no tempo e implantación de sistemas de avaliación para a medición do resultado e do impacto dos programas desenvolvidos (ata un máximo de 20 puntos).

5º. Realización de actividades vinculadas a proxectos interxeracionais (ata un máximo de 20 puntos).



c) En relación cos premios ao mellor proxecto do ano, teranse en conta:

1º. Grao de innovación social nos diferentes ámbitos de actuación establecidos na Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, en que de xeito transversal se recoñezan a diversidade social, a igualdade de oportunidades ou a integración social, e que supoñan unha certa incidencia en áreas sensibles como o medio rural ou en materia de demografía, tendo en conta a súa traxectoria e calidade, a súa consolidación no tempo e a repercusión social que a súa realización implica (ata un máximo de 20 puntos).

2º. Fomento de campañas de información e divulgación de actividades voluntarias e captación de persoas voluntarias con especial repercusión no ámbito xuvenil e sénior (ata un máximo de 20 puntos).

3º. Implantación de sistemas de avaliación para a medición do resultado e estudo do impacto dos programas desenvolvidos polas entidades de acción voluntaria (ata un máximo de 20 puntos).

4º. Impacto social do proxecto que implique cambios positivos e sustentables na sociedade e a súa dimensión (ata un máximo de 20 puntos).

5º. Proxectos relacionados con actividades interxeracionais (ata un máximo de 20 puntos).

2. Os criterios anteriormente indicados polas diferentes modalidades aplicaranse tendo en conta o volume de actividades, o período temporal ao longo do cal se levaron a cabo, a tipoloxía de áreas á que están destinadas e a súa relevancia social, a participación nun maior número de áreas cunha maior repercusión social, o maior compromiso coa acción voluntaria ao longo do tempo, prevalecendo o tempo de permanencia no desenvolvemento da acción voluntaria.

Por outra banda, teranse en conta a proxección social e os beneficios que reportan á sociedade as actividades e os programas e o desenvolvemento de habilidades nas persoas voluntarias que lles faciliten unha mellor preparación para futuros empregos, segundo os estudos obxectivos que presenten e que reflictan na memoria as persoas interesadas.

3. O Xurado emitirá un informe-proposta da solicitude premiada para cada modalidade, no cal expresará as razóns que xustifiquen o acordo adoptado, e que elevará ao órgano instructor. No informe-proposta o Xurado poderá propor que se declare deserta algunha modalidade por non reunir, ao seu xuízo, os méritos suficientes ningunha das solicitudes presentadas.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxzehg3



Artigo 15. Resolución

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe co resultado da valoración do Xurado, elevará ao órgano competente para resolver o procedemento a proposta de resolución dos premios por cada modalidade ou declaración de deserta, se for o caso.

2. O órgano competente para resolver será a persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude.

3. A resolución será notificada de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. De transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 16. Réxime de recursos

1. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 17. Obrigas das persoas premiadas

1. As persoas premiadas deberán:

a) Cumprir cos requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e coas restantes obrigas contidas nesta orde e demais normativa aplicable.



b) Acreditar, co carácter previo á concesión e ao pagamento dos premios, que están ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non teñen débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma.

c) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe do premio no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión e das demais obrigas contidas nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa que lle sexa de aplicación. Para facer efectiva a devolución, tramitárase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral de Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Comunicarlle á dirección xeral competente en materia de voluntariado as modificacións que se produzan nos requisitos e condicións que determinaron a concesión do premio. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que a coñeza.

f) Comunicarlle á dirección xeral competente en materia de voluntariado a obtención doutras axudas para a mesma traxectoria ou proxecto. Para estes efectos, a persoa solicitante debe incluír no anexo I a declaración relativa a outras axudas e, con posterioridade á presentación da solicitude, comunicar a súa obtención, de ser o caso.

Artigo 18. *Publicación dos actos e resolucións*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

2. A relación da persoa premiada de cada especialidade será publicada, de xeito complementario, na páxina web <http://voluntariadogalego.org>

Artigo 19. *Entrega de premios*

A entrega de premios de acción voluntaria realizarase, de ser posible, nun acto público de carácter institucional co fin de visibilizar e pór en valor as persoas gañadoras en cada unha das modalidades.

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxcgxezhgx3



Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberase dar cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional única. *Base de datos nacional de subvencións*

A Consellería de Política Social e Xuventude transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude na persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias dos premios previstos nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de voluntariado para ditar cantos actos e instrucións sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2022

A conselleira de Política Social e Xuventude
P.S. (Decreto 153/2022, do 13 de setembro; DOG nº 175, do 14 de setembro)
Francisco José Conde López
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxzehgx3



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS GALICIA DE ACCIÓN VOLUNTARIA	BS508D	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

MODALIDADE A QUE OPTA (só poderá optar a unha modalidade)							
☐ INDIVIDUAL							
☐ COLECTIVA							
☐ PROXECTO							

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.			
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:			
ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)
2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.			
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.			
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas, prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE**

ANEXO I (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Memoria individualizada descriptiva do proxecto ou traxectoria que opta ao premio (anexo II).
- ☐ Documentación oficial acreditativa dos méritos que alega.
- ☐ Relación temporal de actividades realizadas e especial interese do contido destas.
- ☐ Documentación de apoio á candidatura.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante.	☐
DNI/NIE da persoa representante.	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.	☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

NIF da entidade solicitante.	☐ SI ☐ NON
Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria 2022 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS508D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Xacobeo 21:22

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxcgxezhg3


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE**
ANEXO II
DESCRICIÓN DO PROXECTO OU TRAXECTORIA

BS508D - PREMIOS GALICIA DE ACCIÓN VOLUNTARIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO OU TRAXECTORIA**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de


Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kbqcx7c3-7bc8-e5q3-1dh0-bxccgxzehgx3


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>